...542

**SERVICIOS SOCIALES**
MJL
Refª: ANEXO INFORME artigo 168
Asunto:

Vista providencia do Servizo de Intervención referente a previsións orzamentarias relativas aos programas e convocatorias de subvencións previstas para o exercizo 2016, conforme ao establecido no artigo 168 do Real decreto Lexislativo 2/2004, no que se establece que o orzamento da Comunidade autónoma será formado polo seu Presidente e o que terá que unirse, entre outros:

Anexo con información referente aos convenios suscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contia das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercizo ao que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dreitos económicos pendentes de cobro recoñecidos en exercizos anteriores.

Cabe INFORMAR:

PRIMEIRO. - As subvencións correspondentes aos programas, equipamentos e subvencións concedidas aos servizos sociais no ano 2015 foi do seguinte teor:

**A) Subvencións concedidas ao Concello de Lugo ao abeiro do decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento ( DOGA número 63 de venres, 30 de marzo de 2012, o cal establece :**

Artigo 41.1 A Xunta de Galicia cofinanciará os servizos sociais comunitarios das corporacións locais mediante transferencias finalistas que se efectuarán de acordo co establecido neste decreto e nas normas que se poidan ditar para o seu desenvolvemento.

Artigo 47 ( modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o decreto 99/2012) : A Administración Xeral da Comunidade autónoma de Galicia, a través do órgano superior competente no sistema galego de servizos sociais, garantizará a renovación da financiación básica para o funcionamento dos servizos sociais comunitarios a cada unha das corporacións locais de Galicia, tomando como referencia para cada anualidade os servizos sociais comunitarios financiados, efectivamente prestados e correctamente xustificados no exercizo inmediatamente anterior. A ditos efectos, e dentro dos conceptos de gasto corriente financiables conforme ao artigo 41.5 renovarase cada anualidade como financiación básica dos servizos sociais comunitarios o correspondente aos seguintes gastos: persoal, axuda a domicilio básico, coas premisas establecidas en dito artigo.

**a. 1) gastos de PERSOAL**

Subvención concedida pola ccaa **228.244 €**



CSV: LhWpPg/4SvOvJ5N0vzJBbg==
PAXINA: 1 / 5
SINATURAS
DATAS(UTC)
ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA DE GOBERNO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN 21/10/2015 12:24:02
M JESUS LOPEZ VAZQUEZ 21/10/2015 12:24:01

a.2) PROGRAMAS:

- Servizo de axuda no fogar (SAF).

| | SUBVENCIÓN DA CCAA |
|---|---|
| Libre concorrencia | 63.245,72 € |
| Dependencia | 708.812,43 € |

- Servizo de xantar no fogar (XNF)

| | SUBVENCIÓN |
|---|---|
| Xantar no fogar | NON SE RECIBE |

- Programa de emerxencia social municipal.

| | SUBVENCIÓN |
|---|---|
| S. Municipais básicos | NON SE RECIBE |

- Centros de Día para maiores.

| | SUBVENCIÓN |
|---|---|
| C.D. Antonio Gandoy (50 prazas) | NON SE RECIBE |
| Prazas concertadas (22 prazas) | NON SE RECIBE |



CSV: LhWpPg/4SvOvJ5N0vzJBbg==
PAXINA: 2 / 5
SINATURAS
ANA MARIA GONZALEZ ABELLEIRA - TENENTA DE ALCALDE - AREA DE GOBERNO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN
M JESUS LOPEZ VAZQUEZ
DATAS(UTC)
21/10/2015 12:24:02
21/10/2015 12:24:01

SERVICIOS SOCIALES
MJL
Refª: ANEXO INFORME artigo 168
Asunto:

**Programa de animación sociocultural.**

| | SUBVENCIÓN |
|---|---|
| **Actividades** | NON SE RECIBE |
| **Dinamizadores** | NON SE RECIBE |

- **Programa de educación familiar.**

| | SUBVENCIÓN |
|---|---|
| **Persoal municipal** | € (gastos de persoal)incluidos os importes concedidos no parágrafo a.1 |

**a) 3. Fogar do transeúnte**

| | SUBVENCIÓN |
|---|---|
| **Persoal** | 69.751€ |
| **Bens e servizos** | NON SE RECIBE |

NOTA.- Advírtese que con cargo a dita orde o Concello de Lugo recibe subvención para a financaición das escolas infantís dependentes da área de educación non dispoñendo este Servizo das contías concedidas

**B) Subvencións concedidas ao abeiro do Plan de inclusión** ( Orden de 16 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións de programas desarrollados polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión.



CSV: LhWpPg/4SvOvJ5N0vzJBbg==
PAXINA: 3 / 5
SINATURAS
DATAS(UTC)
ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA DE GOBERNO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN 21/10/2015 12:24:02
M JESUS LOPEZ VAZQUEZ 21/10/2015 12:24:01

b.1) **Información a inmigrantes e emigrantes retornados.**

| | SUBVENCIÓN |
|---|---|
| **Persoal municipal** | 21.985,76 € (gastos de persoal e actividades) |
| **Actividades** | |

b.2) **Programa de Minorías Étnicas.**

| | SUBVENCIÓN |
|---|---|
| **Equipo interdisciplinar** | 50.000€ (gastos de persoal, actividades e mantemento) |
| **Actividades e mantemento** | |

SEGUNDO.- En relación ás obrigas pendentes de pagamento e dereitos económicos pendentes de cobro indicar que se procede a requeir informe ao Servizo de Tesourería.

TERCEIRO.- Este Servizo pode informar das subvencións concedidas no ano 2015 pero non pode realizar unha previsión de ingresos para o ano 2016, vista as discrepancias entre o réxime competencial establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostenibilidade da Administración Local a cal no seu artigo 25 limita as competencias propias dos Concellos en materia de Servizos Sociais á evaluación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, co disposto na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, dita norma establece, disposición adicional cuarta:

As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en



CSV: LhWpPg/4SvOvJ5N0vzJBbg==
SINATURAS
ANA MARIA GONZÁLEZ ABELLEIRA - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA DE GOBERNO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN
M JESUS LOPEZ VAZQUEZ
PAXINA 4 / 5
DATAS(UTC)
21/10/2015 12:24:02
21/10/2015 12:24:01

**SERVICIOS SOCIALES**
MJL
Refª: ANEXO INFORME artigo 168
Asunto:

particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

Vista dita discrepancia, dende este Servizo considérase convinte, tal e como se manifesta de xeito reiterado, obter unha resposta autonómica en relación a previsión de asunción de competencias por parte da Comunidade autónoma en materia de servizos sociais e o sistema de financiamento previsto.

Feitas ditas consideracións indicar que segundo a proposta de orzamentos comunitarios e segundo conversa telefónica mantida co Xefe de Servizo de coordinación de servizos sociais comunitarios parece que é intención é manter a actual liña de financiación con tranferencias as entidades locais conforme se viña a realizar.

SERVIZO DE INTERVENCIÓN



CSV: LhWpPg/4SvOvJ5N0vzJBbg== PAXINA: 5 / 5
SINATURAS DATAS(UTC)
ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA DE GOBERNO DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E INCLUSIÓN 21/10/2015 12:24:02
M JESUS LOPEZ VAZQUEZ 21/10/2015 12:24:01